

## ADMINISTRACIÓN LOCAL PROVINCIAL

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Convocatoria do XV Premio de poesía “Miguel González Garcés”

#### XV PREMIO DE POESÍA “MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS”

Dando continuidade ao que xa e unha tradición na convocatoria poética en lingua galega, e recollendo tamén o exemplo deste significativo escritor coruñés, a Deputación da Coruña convoca o XV Premio de poesía “Miguel González Garcés”, de acordo coas seguintes:

#### B A S E S

##### Primeira.-

Poderán optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade, que non fosen premiados nas tres edicións anteriores, e que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, que estean escritas en lingua galega.

##### Segunda.-

O premio é único e indivisibel, e está dotado coa cantidade de 6.500 €, estando incluídos nesta cantidade todos os impostos que lle sexan aplicabeis.

A Deputación publicará a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaoito meses os dereitos de editala, e entregará ao gañador trinta exemplares.

##### Terceira.-

As obras que serán de tema libre, terán unha extensión non menor de trescentos versos, e serán presentadas por quin-tuplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A 4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados.

As obras serán presentadas baixo un título e un lema, achegados de plica na que conste o título e o lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o DNI, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono.

##### Cuarta.-

O prazo de admisión de orixinais, que deberán enviarse á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional 2, 15006 A Coruña, indicando no sobre “XV Premio de poesía Miguel González Garcés”, remata o día 15 de abril de dous mil dez.

##### Quinta.-

O xurado estará presidido polo presidente da Deputación da Coruña e formarán parte del: a sra. deputada presidenta da Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico, e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da poesía, que serán nomeados polo sr. presidente da Deputación, actuando como secretario o da corporación ou o funcionario no que delegue.

A composición do xurado será feita pública, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro e na páxina web da Deputación ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

##### Sexta.-

Os participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posibel única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución será aplicado o disposto no art. 26.1 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado non poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, que é o órgano competente para resolve-lo premio.

A decisión do xurado terá lugar no segundo trimestre do ano 2010 e será dada a coñecer a través do taboleiro e da páxina web da Deputación ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)), así como dos distintos medios de comunicación.

A plica correspondente á obra que resulte finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado co fin de que, se o seu autor o permite, poida ser feito público o nome do finalista.

**Sétima.-**

Non se devolverán as obras presentadas non premiadas, e a partir do día seguinte ao da decisión do xurado serán destruidas.

**Oitava.-**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

A Coruña, 8 de febreiro de 2010.

O Presidente en funcións,

Pablo Villamar Díaz

O Secretario,

José Luis Almau Supervía

---

2010/1895